

**Xunta de Galicia**  
**Corpo Facultativo Superior de Arquivos**  
**Primeiro exercicio**  
**Acceso Libre**  
**Opción A**

<b>1.</b>		<b>Segundo o tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada) o Tribunal de Xustiza...</b>
	a	Estará composto por un xuíz por Estado membro
	b	Estará composto por dous xuíces por Estado membro
	c	Estará composto por tres xuíces por Estado membro
	d	Estará composto por cinco xuíces por Estado membro
<b>2.</b>		<b>Segundo o artigo 82 da Constitución, un texto refundido dictarase en virtude dunha delegación legislativa outorgada mediante...</b>
	a	Unha lei de bases
	b	Unha lei ordinaria
	c	Un decreto-lei
	d	Unha lei orgánica
<b>3.</b>		<b>Segundo a Lei 30/2007 de contratos do sector público, é causa de resolución do contrato de xestión de servizos públicos, a demora por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato...</b>
	a	Superior a 4 meses
	b	Superior a 6 meses
	c	Superior a 8 meses
	d	Superior a 1 ano
<b>4.</b>		<b>De acordo co artigo 86 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no caso de que se acorde a apertura dun período de información pública, publicarase un anuncio no que se sinalará o lugar de exhibición do procedemento ou da parte do mesmo que se acorde, e o prazo para formular alegacións; este prazo...</b>
	a	En ningún caso poderá ser inferior a 15 días
	b	En ningún caso poderá ser inferior a 20 días
	c	En ningún caso poderá ser inferior a 30 días
	d	En ningún caso poderá ser inferior a un mes
<b>5.</b>		<b>Segundo se dispón na Constitución, en que prazo debe pronunciarse o Congreso sobre a convalidación ou derogación dos decretos-lexislativos?</b>
	a	Aos 15 días dende a súa promulgación
	b	Aos 30 días dende a súa promulgación
	c	Aos 20 días dende a súa promulgación
	d	O Congreso non convalida ou derroga os Decretos-lexislativos
<b>6.</b>		<b>Segundo o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, a excedencia voluntaria incentivada...</b>
	a	Terá unha duración de 5 anos
	b	Terá unha duración máxima de 5 anos
	c	Terá unha duración non superior a 3 anos
	d	Terá unha duración non inferior a 2 anos
<b>7.</b>		<b>Segundo o artigo 29 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á comunidade autónoma a competencia de execución da lexislación do Estado, nas seguintes materias...</b>
	a	Propiedade industrial e intelectual
	b	Ordenación do territorio
	c	Casinos
	d	Pesca nas rías e demais augas interiores

<b>8.</b>		<b>A creación, modificación e supresión de departamentos ministeriais, é competencia...</b>
	a	Do Presidente do Goberno
	b	Do Consello de Ministros
	c	Do Presidente do Goberno, previa deliberación do Consello de Ministros
	d	Do Parlamento, a través da Lei de Orzamentos do ano correspondente
<b>9.</b>		<b>Segundo o artigo 3 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as Administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de...</b>
	a	Eficiencia, xerarquía, delegación, desconcentración e coordinación
	b	Eficiencia, xerarquía, descentralización e desconcentración
	c	Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
	d	Ningunha das opcións de resposta é correcta
<b>10.</b>		<b>Na estrutura dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, nos créditos para gastos correntes, distingúranse...</b>
	a	Os gastos de funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as variacións de activos e pasivos financeiros
	b	Os gastos de funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as inversións reais
	c	As inversións reais, os gastos de funcionamento dos servizos e as transferencias correntes
	d	Os gastos de funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes
<b>11.</b>		<b>Segundo a Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude de iniciación dun procedemento non reúne os requisitos necesarios, requírese ao interesado para que subsane a falta ou achegue a preceptiva documentación, nun prazo de...</b>
	a	10 días hábiles
	b	15 días hábiles
	c	10 días naturais
	d	15 días naturais
<b>12.</b>		<b>¿En que título da Constitución se regula o procedemento de elaboración das leis?</b>
	a	Título II
	b	Título III
	c	Título IV
	d	Título V
<b>13.</b>		<b>Contra os actos firmes en vía administrativa, o único recurso administrativo que se pode interpoñer é...</b>
	a	O recurso de reposición
	b	O recurso extraordinario de revisión nos supostos previstos no artigo 118 da Lei 30/1992
	c	O recurso de alzada
	d	Contra os actos firmes en vía administrativa non cabe ningún recurso administrativo
<b>14.</b>		<b>O Presidente da Xunta, baixo a súa exclusiva responsabilidade e previa deliberación do Consello da Xunta, poderá disolver o Parlamento. Esta facultade non se poderá exercer...</b>
	a	Cando non transcorresen alomenos dous anos dende a última disolución da Cámara
	b	Cando non transcorrese alomenos un ano dende a última disolución da Cámara
	c	Cando non transcorresen alomenos seis meses dende a última disolución da Cámara
	d	Non hai límite temporal para o exercicio desta facultade do Presidente da Xunta
<b>15.</b>		<b>O recurso extraordinario de revisión interposto no suposto de que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro na resolución recorrida, interporase no prazo...</b>
	a	De 4 anos dende que se coñezan os documentos
	b	De 1 ano dende que se coñezan os documentos
	c	De 3 meses dende que se coñezan os documentos
	d	De 6 meses dende que se coñezan os documentos
<b>16.</b>		<b>Segundo o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia...</b>

	a	Convocar e resolver os concursos de traslados
	b	Determinar os intervalos dos niveis de postos de traballo que lles corresponden aos corpos ou escalas do persoal funcionario
	c	Designar a representación da Administración autonómica en convenios colectivos de ámbito xeral ou que afecten a varias consellerías
	d	Todas as competencias enumeradas corresponden á conselleira ou conselleiro competente en materia de función pública
17.		<b>No procedemento de investidura do Presidente da Xunta, o candidato proposto para ser elixido deberá, en primeira votación, obter maioría absoluta; de non obtela, procederase a unha nova votación...</b>
	a	5 días despois da anterior
	b	2 meses despois da anterior
	c	48 horas despois da anterior
	d	24 horas despois da anterior
18.		<b>Segundo a Lei de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, os Subdelegados do Goberno nas provincias, teñen nivel de...</b>
	a	Director Xeral
	b	Secretario Xeral Técnico
	c	Subsecretario
	d	Subdirector Xeral
19.		<b>As entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio, directamente, ao Consello de Contas...</b>
	a	Antes do 30 de xuño do ano seguinte ao do remate do exercicio
	b	Antes do 31 de xullo do ano seguinte ao do remate do exercicio
	c	Antes do 31 de decembro do ano seguinte ao do remate do exercicio
	d	No mes de decembro do ano seguinte ao do remate do exercicio
20		<b>Corresponde ao Consello de Ministros...</b>
	a	Propoñer ao Congreso a declaración do estado de excepción
	b	Propoñer ao Congreso a declaración do estado de alarma
	c	Propoñer ao Congreso a declaración do estado de sitio
	d	Todas as opcións de resposta son correctas
21.		<b>Sinala a opción de resposta incorrecta...</b>
	a	As reunións do Consello de Ministros poderán ter carácter decisorio ou deliberante
	b	A orde do día das reunións do Consello de Ministros será fixada polo Ministro da Presidencia
	c	Nas reunións do Consello de Ministros, actúa como secretario o Ministro da Presidencia
	d	Das sesións do Consello de Ministros levántase acta
22.		<b>Segundo a Lei de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, son órganos superiores...</b>
	a	Os Ministros
	b	Os Secretarios Xerais Técnicos
	c	Os Secretarios Xerais
	d	Os Directores Xerais
23.		<b>Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, con respecto ás entidades cooperativas, correspóndelle á Comunidade Autónoma de Galicia...</b>
	a	O desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que esta estableza
	b	A execución da lexislación do Estado
	c	A competencia exclusiva plena
	d	A Comunidade Autónoma carece de competencia sobre entidades cooperativas
24.		<b>Segundo a Lei de organización e funcionamento da administración xeral do Estado, a creación de organismos autónomos efectuarase por...</b>
	a	Real decreto do Consello de Ministros
	b	Lei
	c	Orde do Ministerio de Economía e Facenda

	d	Lei de orzamentos
<b>25.</b>		<b>Proposto o candidato ou candidatos a Valedor do Pobo pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia, o Pleno do Parlamento será convocado para que proceda á súa elección...</b>
	a	Nun prazo non inferior a 1 mes
	b	Nun prazo non inferior a 2 días
	c	Nun prazo non inferior a 15 días
	d	Nun prazo non inferior a 5 días
<b>26.</b>		<b>Segundo o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, para solicitar o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular, será preciso...</b>
	a	Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 5 anos inmediatamente anteriores
	b	Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante os 2 anos inmediatamente anteriores
	c	Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante 5 anos
	d	Ter prestado servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante 2 anos
<b>27.</b>		<b>Cando un funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia accede á condición de senador das Cortes Xerais...</b>
	a	Pasa á situación de comisión de servizos
	b	Pode optar entre permanecer en servizo activo ou pasar a servizos especiais, no caso de que non perciba retribucións periódicas como senador
	c	Pasa á situación de servizos especiais
	d	Pasa á situación de servizos especiais no caso de que perciba retribucións periódicas como senador
<b>28.</b>		<b>Segundo o artigo 142 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no caso de responsabilidade patrimonial, o dereito a reclamar...</b>
	a	Caduca ao ano de manifestarse o efecto lesivo do acto que motive a indemnización
	b	Caduca ao ano de producido o feito que motive a indemnización
	c	Son correctas as opcións de resposta a) e b)
	d	Ningunha das anteriores opcións de resposta é correcta
<b>29.</b>		<b>Segundo a estrutura orgánica vixente, unha das seguintes direccións xerais non se integra na estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte...</b>
	a	Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
	b	Dirección Xeral de Turismo
	c	Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural
	d	Dirección Xeral para o Deporte
<b>30.</b>		<b>Os procedementos para o exercicio da función fiscalizadora do Consello de Contas...</b>
	a	Impulsaranse de oficio ou a instancia de parte
	b	Impulsaranse a instancia de parte en todos os seus trámites
	c	Impulsaranse de oficio en todos os seus trámites
	d	Impulsaranse a instancia do órgano fiscalizado
<b>31.</b>		<b>Contra a resolución dun recurso de reposición, cabe...</b>
	a	Recurso de alzada
	b	Recurso de reposición
	c	Recurso ordinario
	d	Recurso contencioso-administrativo
<b>32.</b>		<b>Segundo o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, confeccionaranse aplicando unha clasificación...</b>
	a	Orgánica e económica
	b	Orgánica e funcional
	c	Económica e funcional por programas
	d	Orgánica, económica e funcional por programas
<b>33.</b>		<b>A El-Rei corresponde declarar a guerra e facer a paz...</b>
	a	Previa autorización do Congreso

	b	Previa autorización do Goberno
	c	Previa autorización do Congreso e o Senado
	d	A petición do Presidente do Goberno, previa autorización do Congreso
34.		<b>Segundo a Lei orgánica do Tribunal de Contas, os conselleiros de contas do referido órgano son designados polas Cortes Xerais, mediante votación por maioría de tres quintos de cada cámara, coa seguinte distribución...</b>
	a	6 polo Congreso e 4 polo Senado
	b	4 polo Congreso e 4 polo Senado
	c	5 polo Congreso e 5 polo Senado
	d	6 polo Congreso e 6 polo Senado
35.		<b>Segundo a Lei 30/2007 de contratos do sector público, os contratos celebrados pola Administración que teñan por obxecto a adquisición de equipos e sistemas de telecomunicacións para o tratamento da información, son contratos...</b>
	a	De xestión de servizos públicos
	b	De servizos
	c	De asistencia técnica
	d	De subministrados
36.		<b>Segundo a Lei 50/97, corresponde ao Consello de Ministros...</b>
	a	Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre os distintos ministerios
	b	Declarar o estado de sitio
	c	Dispoñer a emisión de débeda pública cando fora autorizado por unha lei
	d	Todas as competencias enumeradas corresponden ao Presidente do Goberno
37.		<b>No seu artigo primeiro, a Constitución propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico...</b>
	a	A igualdade, a liberdade e a legalidade
	b	A liberdade, a igualdade, a xustiza e a legalidade
	c	A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
	d	A democracia, o Estado de dereito e a autonomía territorial
38.		<b>Non é función de El-Rei...</b>
	a	Nomear ao Defensor do Pobo
	b	Expedir os decretos acordados no Consello de Ministros
	c	Convocar e disolver as Cortes Xerais
	d	Todas as funcións enumeradas corresponden a El-Rei
39.		<b>A que se denomina SGDEA en materia de xestión documental?</b>
	a	A un sistema xeral dixital de eliminación arquivística
	b	A un sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo
	c	A unha sección xeral de documentos electrónicos adaptados
	d	A un servizo xeral de xestión de documentos administrativos
40.		<b>A Real orde de 22 de novembro de 1901, que aproba o Regulamento para o réxime e goberno dos arquivos do Estado...</b>
	a	Non fai referencia ningunha ao acceso
	b	Abre o acceso aos arquivos que custodien documentos do período dos Austrias, é dicir, anteriores a 1700
	c	Abre o acceso aos arquivos que custodian documentos ata 1900.
	d	Abre o acceso aos arquivos que custodian documentos anteriores ao século XIX
41.		<b>A restauración de documentos....</b>
	a	Ha de realizarse coas técnicas máis punteiras do momento
	b	Debe ser reversible
	c	Debe reconstituír os soportes e as tintas perdidas
	d	Debe realizarse en cámaras de presurización
42.		<b>Pablo Iglesias foi...</b>
	a	O que encabezou a fundación do <i>Partido Socialista Obrero Español</i> e o primeiro representante deste partido que obtivo un escano no Parlamento no século XIX
	b	O que encabezou a fundación do <i>Partido Socialista Obrero Español</i> e o primeiro representante deste

		partido que obtivo un escano no Parlamento, e foi no ano 1910
	c	O que encabezou a fundación do <i>Partido Socialista Obrero Español</i> pero non foi parlamentario ata a II República
	d	Foi o primeiro representante do <i>Partido Socialista Obrero Español</i> que obtivo un escano no Parlamento en 1910, pero non participou na súa fundación
<b>43.</b>		<b>Que é PARES?</b>
	a	O portal de arquivos en rede da Xunta de Galicia
	b	O portal de arquivos españois do Ministerio de Cultura
	c	A páxina Web dos arquivos nacionais
	d	A iniciativa do Arquivo Xeral da Administración para convocar aos arquivos nacionais ás súas reunións periódicas de normalización descritiva
<b>44.</b>		<b>A Curia Rexia...</b>
	a	Tiña competencia exclusiva para xulgar en materia civil e criminal aos nobres en primeira instancia, e aos restantes estamentos só en caso de apelación
	b	Era competente en materia civil e criminal, en primeira instancia e apelación, de calquera litixio que se lle sometía
	c	Era a asemblea territorial que administraba xustiza nos distritos e territorios do reino, con competencia en materia civil e criminal.
	d	Era o órgano supremo da administración de xustiza, integrada por sete oidores, dez alcaldes de curia e un procurador fiscal
<b>45.</b>		<b>Que é MoReq?</b>
	a	Un modelo de requisitos funcionais para a xestión de documentos electrónicos de arquivo
	b	Un sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo
	c	Un modelo de requisitos funcionais para a xestión de documentos dixitais
	d	Un sistema de xestión de documentos dixitais
<b>46.</b>		<b>Galicia divídese en sete provincias...</b>
	a	A partir do nomenclátor realizado por Palomares por encargo de Floridablanca, en 1789
	b	Dende a obtención de voto en Cortes
	c	No século XVII para a que se tomou como modelo a división das dioceses galegas
	d	A partir do nomenclátor realizado por Palomares por encargo de Floridablanca, en 1798
<b>47.</b>		<b>As causas internas de alteración do papel...</b>
	a	Atópanse no entorno ambiental
	b	Son intrínsecas á natureza do papel
	c	Prodúceas a inadecuada manipulación
	d	Poden ser de carácter catastrófico
<b>48.</b>		<b>A división do reino entre os fillos de Afonso VII supuxo para a Cancillería...</b>
	a	Que con Sancho III, como rei de Castela, o cargo de <i>canciller</i> se vinculase ao arcebispo de Toledo e con Fernando II, como rei de León, seguise vinculado ao arcebispo de Santiago de Compostela
	b	Que con Fernando II, como rei de Castela, o cargo de <i>canciller</i> se vinculase ao arcebispo de Toledo e con Sancho III, como rei de León, seguise vinculado ao arcebispo de Santiago de Compostela
	c	Que con Afonso VIII, como rei de Castela, o cargo de <i>canciller</i> se vinculase ao arcebispo de Toledo e con Fernando II, como rei de León, seguise vinculado ao arcebispo de Santiago de Compostela
	d	Que con Sancho III, como rei de Castela, o cargo de <i>canciller</i> se vinculase ao arcebispo de Toledo e con Afonso VIII, como rei de León, seguise vinculado ao arcebispo de Santiago de Compostela
<b>49.</b>		<b>Cal foi o primeiro arquivo histórico provincial ao que se lle outorgou un recoñecemento de calidade en 2003?</b>
	a	O de León
	b	O de Murcia
	c	O de Lérida
	d	O de Albacete
<b>50.</b>		<b>Cos Decretos de Nova Pranta que deron nova organización política aos reinos orientais da península...</b>
	a	Perderon o dereito civil, penal, procesual e mercantil propios Cataluña, Aragón, Mallorca e Valencia

	b	Perderon o dereito civil, penal, procesual e mercantil propios Cataluña e Aragón, pero non Mallorca e Valencia
	c	Perderon o dereito civil, penal, procesual e mercantil propios Mallorca e Valencia, pero non Cataluña e Aragón
	d	Perdeu o dereito civil, penal, procesual e mercantil propios Aragón, pero non Cataluña e Mallorca
<b>51.</b>		<b>Os índices de tipos documentais...</b>
	a	Son instrumentos resultantes da fase de valoración
	b	Son instrumentos resultantes da fase de selección
	c	Son instrumentos resultantes da fase de identificación
	d	Non se utilizan nos arquivos estes tipos de índices
<b>52.</b>		<b>A Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos indica en relación co expediente electrónico...</b>
	a	Que debe conservarse no ordenador do organismo emisor
	b	Como se levará a cabo o foliado
	c	Que non pode incluír documentos que pertencen a máis dun expediente
	d	Que non está suxeito a selección
<b>53.</b>		<b>No concordato de 1851...</b>
	a	A Igrexa non recoñeceu a venda dos bens xa desamortizados
	b	A Igrexa recoñeceu a venda dos bens xa desamortizados
	c	Suprimiu o dereito de <i>padroado</i>
	d	Recoñeceu o dereito do Estado a suprimir fundacións, ordes e congregacións relixiosas
<b>54.</b>		<b>A Lei catastral de 5 de marzo de 2004, respecto ao acceso aos documentos por terceiros aos datos de inmobles dos que non sexan titulares, establece como necesario o consentimento dos titulares, coas excepcións, nas que se inclúen...</b>
	a	Que o acceso sexa preciso para a execución de proxectos de investigación de calquera tipo
	b	Que o acceso sexa preciso para notarios e rexistradores para a identificación das fincas
	c	Que o acceso sexa necesario a quen figuren como titulares dunha determinada parcela para a identificación dos lindeiros incluídos os valores catastrais
	d	Que un real decreto do Ministerio de Facenda exclúa o dito consentimento
<b>55.</b>		<b>As actas da Xunta do Reino de Galicia...</b>
	a	Consérvanse completas en cada un dos arquivos municipais das sete cidades cabeceira das antigas provincias
	b	O Arquivo Histórico Provincial de Lugo custodia as do período cronolóxico 1621-1818
	c	O Arquivo Municipal da Coruña custodia as do período 1818-1838
	d	Consérvanse só en dous arquivos municipais: No de Lugo, para a primeira época e no da Coruña para a segunda e última
<b>56.</b>		<b>No século XIX na Universidade de Santiago...</b>
	a	Desaparece a facultade de Teoloxía
	b	Crease a facultade de Xeoloxía
	c	A finais de século suprímese a facultade de Leis e Xurisprudencia, nun plan de abaratamento de ensinanza
	d	Créase a facultade de Química
<b>57.</b>		<b>A Xunta Suprema de Estado é</b>
	a	A reunión en comisión permanente do Consello de Estado
	b	O precedente do Consello de Ministros, da que foi promotor Floridablanca
	c	O precedente do Consello de Ministros, da que foi promotor Orry
	d	O precedente da Secretarías de Estado e do Despacho, da que foi promotor Ensenada
<b>58.</b>		<b>O Estatuto de Autonomía de Galicia recoñece á comunidade autónoma no seu art. 27.18 en materia de arquivos</b>
	a	Competencia de desenvolvemento lexislativo e execución
	b	Competencia de execución nos centros de titularidade non autonómica
	c	A competencia exclusiva en arquivos de interese para a comunidade autónoma e a posibilidade de transferir os arquivos de titularidade estatal
	d	A competencia exclusiva en arquivos de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de

		titularidade estatal
<b>59.</b>		<b>A constitución de 1837...</b>
	a	Declara, por primeira vez nas constitucións españolas que a soberanía reside no pobo
	b	Robusteceu os poderes do rei, que compartirá coas Cortes a potestade de facer as leis, e goza de dereito de veto absoluto
	c	Debilitou o poder do rei, que non participa da potestade de facer leis nin conta con dereito de veto
	d	Influíu na constitución Portuguesa de 1844 e na do Perú, en 1843
<b>60.</b>		<b>Que norma ISO dedicada a xestión de documentos dedica parte do seu contido á estratexias, deseño e implantación?</b>
	a	ISO 15489-1: 2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Xeneralidades
	b	ISO/TR 15489-2:2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 2: Directrices
	c	ISO 15489-1: 2001-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Directrices
	d	ISO 15489/TR15489-2:2003-Información e documentación - Xestión de documentos. Parte 1: Directrices
<b>61.</b>		<b>O <i>síndico personero</i>, cargo que aparece con Carlos III, tivo como misión</b>
	a	Os asuntos de facenda e guerra do municipio, con facultades resolutivas
	b	Os asuntos de policía e xustiza do municipio, con facultades resolutivas
	c	Nos concellos, pedir e propoñer o mellor para o público en xeral, con voto e facultades resolutivas
	d	Nos concellos, pedir e propoñer o mellor para o público en xeral, pero careceu de voto e de facultades resolutivas
<b>62.</b>		<b>“Los archivos: Cómo Construílos”</b>
	a	É unha publicación de Eduardo Núñez Fernández
	b	É unha publicación de Carmen Pescador del Hoyo
	c	É una publicación de Joaquín Ibáñez Montoya
	d	É a publicación dun informe encargado polo Ministerio de Cultura á Mesa Nacional de Arquivos Municipais
<b>63.</b>		<b>O Real Corpo de Enxeñeiros constituíuse...</b>
	a	En 1762, para proxectar obras, fortificacións e enxeños de artillería e outros tipos
	b	En 1711, para proxectar obras, fortificacións e enxeños de artillería e outros tipos
	c	En 1762, refundindo o Corpo Xeral de Artillería, o de Obreiros da <i>Maestranza</i> e as Escolas Formais de Teórica con título de Artillería
	d	En 1711, refundindo o Corpo Xeral de Artillería, o de Obreiros da <i>Maestranza</i> e as Escolas Formais de Teórica con título de Artillería
<b>64.</b>		<b>O título VII da Lei 16/1985 de patrimonio histórico español divídese en...</b>
	a	Dous capítulos: capítulo I “Dos arquivos, bibliotecas e museos” e capítulo II “Do patrimonio documental e bibliográfico”
	b	Tres capítulos: capítulo I “Dos arquivos”, capítulo II “Das bibliotecas” e capítulo III “Dos museos”
	c	Dous capítulos: capítulo I “Do patrimonio documental e bibliográfico” e capítulo II “Dos arquivos, bibliotecas e museos”
	d	Non se subdivide, e leva o nome: “Dos arquivos, bibliotecas e museos”
<b>65.</b>		<b>A Inquisición española...</b>
	a	Organizouse dende o seu nacemento en tribunais con sede fixa e cunha xurisdición clara
	b	Os tribunais non tiñan nun principio residencia permanente
	c	Organizouse en inquisicións provinciais que non eran máis que tribunais
	d	Organizouse en xuntas de xustiza
<b>66.</b>		<b>Os arquivos históricos provinciais...</b>
	a	Constitúense en intermedios por decreto de 1947
	b	En 1947, acórdase que recollan, no seu ámbito territorial, os documentos producidos pola administración notarial e polas delegacións de facenda
	c	En 1969, acórdase que recollan, no seu ámbito territorial, os documentos producidos pola administración xudicial e polas delegacións de facenda
	d	Constitúense en intermedios por decreto de 1969
<b>67.</b>		<b>No documento do outorgado polo Rei Silo en 775...</b>
	a	O tipo de escritura utilizada é visigótica cursiva, e consérvase no arquivo da Catedral de Oviedo

	b	O tipo de escritura utilizada é visigótica cursiva, e consérvase no arquivo da Catedral de León
	c	O tipo de escritura utilizada é redonda visigótica, e consérvase no arquivo da Catedral de León
	d	O tipo de escritura utilizada é gótica cursiva, e consérvase no arquivo da Catedral de Oviedo
<b>68.</b>		<b>O arquivo da emigración Galega...</b>
	a	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1992 para reunir información sobre o fenómeno migratorio.
	b	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1997 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
	c	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1987 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
	d	É un proxecto do Consello da Cultura Galega nado en 1982 para reunir información sobre o fenómeno migratorio
<b>69.</b>		<b>A maior parte dos fondos do clero secular da provincia de Ourense custódiense...</b>
	a	No Arquivo Histórico Provincial de Ourense
	b	No Arquivo da Deputación Provincial de Ourense
	c	No Arquivo Histórico Nacional
	d	Nos Arquivos Catedralicio e Diocesano de Ourense
<b>70.</b>		<b>Que é o Auto Galego?</b>
	a	É unha figura consuetudinaria do dereito galego que aplica a Real Audiencia de Galicia en materia de forma e perturbación de posesión, tanto entre legos como eclesiásticos ou calquera outras persoas, privilexiadas ou non
	b	É un procedemento especial que utilizou tradicionalmente a Real Audiencia de Galicia para resolver as querelas que se producían entre os grandes propietarios territoriais e os fidalgos intermediarios por causa dos foros
	c	É unha práctica do dereito consuetudinario galego que aplica a Real Audiencia de Galicia en materia de recobración de bens vendidos en pública poxa, que permite ao debedor recuperar os bens raíces vendidos aportando o importe das vendas
	d	É un Auto Ordinario da Real Audiencia de Galicia, redactado en galego, en todo ou en parte, e denominado así polo tratadista Herbella de Puga
<b>71.</b>		<b>Se queremos estudar a evolución da Igrexa en España...</b>
	a	Consultaremos os documentos da <i>Cámara de Castela</i> que se custodian no Arquivo Histórico Nacional e no Arquivo Xeral de Simancas
	b	Consultaremos os documentos da <i>Cámara de Castela</i> que se custodian no Arquivo Xeral de Simancas, pero non no Arquivo o Histórico Nacional
	c	Consultaremos os documentos do <i>Consello de Estado</i> que se custodian no Arquivo Xeral de Simancas, pero non a <i>Cámara de Castela</i> xa que non tiña competencias relacionadas coa Igrexa
	d	Consultaremos os fondos de institucións eclesiásticas desamortizadas conservadas no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
<b>72.</b>		<b>As ordenanzas que regulamentaban a organización e funcións da Contaduría Maior de Contas...</b>
	a	Foron decretadas por Xoán II en 1347
	b	Foron decretadas por Henrique IV en 1347
	c	Foron decretadas por Xoán II en 1437
	d	Foron decretadas por Henrique IV en 1437
<b>73.</b>		<b>Os documentos do Consello de Aragón atópanse...</b>
	a	No Arquivo da Coroa de Aragón
	b	No Arquivo da Coroa de Aragón e no Arquivo Histórico Nacional, fundamentalmente
	c	No Arquivo da Coroa de Aragón e no Arquivo Xeral de Simancas, fundamentalmente
	d	No Arquivo Xeral de Simancas e no Arquivo Histórico Nacional, fundamentalmente
<b>74.</b>		<b>O Arquivo Histórico do Instituto Hidrográfico da Mariña...</b>
	a	Ten a súa sede en Cartaxena e conserva unha importante colección de cartas náuticas
	b	Ten a súa sede en Cartaxena e conserva os documentos do <i>Real Instituto e Observatorio da Armada</i>
	c	Ten a súa sede en Cádiz e conserva expedientes de limpeza de sangue para o acceso ao corpo de <i>guardamarinas</i>

	d	Ten a súa sede en Cádiz e conserva unha importante colección de cartas náuticas
<b>75.</b>		<b>No Real decreto 2598/1998 establécese o sistema de Arquivos Militares e estrutúrase en...</b>
	a	Cinco subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada, o do Exército do Aire, o dos Servizos Centrais e os dos servizos periféricos
	b	Tres subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada e o do Exército do Aire
	c	Catro subsistemas: o do Exército de Terra, o da Armada, o do Exército do Aire e o dos Servizos Centrais
	d	Neste Real decreto só se establece a estrutura do subsistema dos Servizos Centrais
<b>76.</b>		<b>A reforma de Mon introduce como novas contribucións...</b>
	a	A de inmobles, cultivo e gandería; a de industria e comercio; os consumos; e o dereito de hipotecas
	b	A de inmobles, cultivo e gandería; a de industria e comercio; os consumos; o dereito de hipotecas; e a de utilidades
	c	Froitos civís, palla e utensilios
	d	Froitos civís, palla, utensilios e contribución de utilidades
<b>77.</b>		<b>Os documentos do fondo <i>Cancillería</i>. Rexistro do Selo de Corte consérvanse...</b>
	a	No Arquivo Xeral de Simancas e contén documentos de xeito continuado dende o século XV ao XVII
	b	No Arquivo Xeral de Simancas e contén documentos de xeito continuado dende o século VIII ao XVII
	c	No Arquivo Histórico Nacional e contén documentos de xeito continuado dende 1475 a 1689
	d	No Arquivo Histórico Nacional e contén documentos de xeito continuado dende o século VIII a 1689
<b>78.</b>		<b>Os documentos denominados tradicionalmente <i>Visitas de Italia</i> atópanse...</b>
	a	No Arquivo de Barcelona
	b	No Arquivo da Coroa de Aragón
	c	No Arquivo Histórico Nacional
	d	No Arquivo Xeral de Simancas
<b>79.</b>		<b>Os documentos dos organismos creados para administrar as posesións españolas nos propios territorios do Norte de África...</b>
	a	Consérvanse no Arquivo Xeral da Administración
	b	Despois da descolonización quedaron nos respectivos territorios
	c	Despois da supresión destes organismos leváronse ao Arquivo Histórico Nacional
	d	Adminístranse nun protectorado da Unesco por ser obxecto dun litixio internacional
<b>80.</b>		<b>Podemos atopar documentos da Universidade de Alcalá na idade Moderna...</b>
	a	No Arquivo de Simancas
	b	No Arquivo Histórico Nacional
	c	No Arquivo da Chancelería de Valladolid
	d	No Arquivo Xeral da Administración
<b>81.</b>		<b>O Decreto de unificación de foros de 1868...</b>
	a	Supuxo a supresión definitiva do sistema foral para a provincia de Guipúscoa
	b	Supuxo a posibilidade de redimir os contratos de foros
	c	Supuxo a extinción da xurisdición mercantil e a supresión dos xulgados especiais de Facenda
	d	Supuxo a extinción da xurisdición inquisitorial e a supresión dos xulgados especiais de Facenda
<b>82.</b>		<b>Na alta Idade Media, nas monarquías da España cristiá medieval, a dignidade de rei, segundo a doutrina eclesiástica...</b>
	a	Era considerada unha regalía vinculada ao concepto de <i>Imperium</i> , que tiña por fin rexer un territorio
	b	Era considerada un oficio ou <i>Menester</i> que tiña por misión rexer rectamente unha comunidade
	c	Era considerada un Honor <i>Regal</i> outorgado polo concepto de pactismo, a través do que o rei debía cumprir as normas do dereito do país, e recibía a cambio a submisión dos súbditos
	d	Era considerada un Honor <i>Regal</i> , outorgado ao señor natural dun territorio, para que exercese nel a súa <i>Potestas</i> , en beneficio da comunidade
<b>83.</b>		<b>O Encabezamento era...</b>
	a	Un concerto polo que cada municipio se comprometía a pagar á Facenda un tanto alzado do importe total do imposto que se recadase
	b	Un imposto indirecto que pagaban os cabezas de familia
	c	Un imposto directo que se pagaba á morte do cabeza de familia
	d	Un contrato para o cobro de impostos a través de recadadores directos, que se facía efectivo na facenda

		medieval castelá a través de cadernos de arrendamento, liquidados con <i>alcances</i>
<b>84.</b>		<b>A escritura cortesá aparece en Castela...</b>
	a	A finais do século XVI
	b	A finais do século XV
	c	A mediados do século XV
	d	A principios do século XV
<b>85.</b>		<b>Cal das seguintes normas legais define e regula as redes de arquivos públicos e privados de Galicia?</b>
	a	A Lei orgánica 1/1981 do Estatuto de Autonomía de Galicia
	b	A Lei 16/1985 de patrimonio histórico español
	c	O Decreto 307/1989 regulador do sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia
	d	O Real decreto 111/1986 de desenvolvemento parcial da lei 16/1985
<b>86.</b>		<b>Son códices en gótica redonda...</b>
	a	<i>O libro del ajedrez, dados y tablas</i> e <i>o ordenamiento de Alcalá</i>
	b	<i>O cantar del mio Cid</i> e <i>o ordenamiento de Alcalá</i>
	c	<i>As cantigas de Santa María</i> e <i>o cantar del mio Cid</i>
	d	<i>As cantigas de Santa María</i> e <i>o libro del ajedrez, dados y tablas</i>
<b>87.</b>		<b>O nomeamento de escribáns, segundo as <i>Partidas</i>....</b>
	a	Correspondía sempre ao rei
	b	Correspondía ás cidades e vilas que tivesen privilexio para facelo
	c	Correspondía ben ao rei ou ben ás vilas e cidades que tivesen privilexio para facelo
	d	Correspondía ben ao rei ou ben ás vilas e cidades que tivesen privilexio para facelo, sempre que os confirmase o monarca
<b>88.</b>		<b>En que Cortes de Castela se acordou que as cartas reais outorgadas polo monarca que fosen contrarias ás leis vixentes, aínda que obedecidas, non tiñan que ser cumpridas?</b>
	a	Nas Cortes de Burgos de 1379 e nas de Palenzuela de 1425
	b	Nas Cortes de Burgos de 1379 e nas de Bribiesca de 1387
	c	Nas Cortes de Briviesca de 1387 e nas de Valladolid de 1442
	d	Nas Cortes de Palenzuela de 1425 e nas de Valladolid de 1442
<b>89.</b>		<b>Os Rexistros da <i>Cancillería Catalano-Argonesa</i>, distribúense en diferentes series a partir do rei.....</b>
	a	Pedro IV
	b	Xaime II
	c	Pedro III
	d	Xaime I
<b>90.</b>		<b>Que norma, entre as seguintes, regula os órganos colexiados que interveñen na aplicación da Lei 16/1995 en materia de arquivos?</b>
	a	O Real Decreto 111/1986 de desenvolvemento parcial da lei 16/1985
	b	A Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común
	c	A Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia
	d	O Decreto 307/1986 regulador do sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia
<b>91.</b>		<b>Os validos de Filipe IV foron...</b>
	a	O conde – duque de Olivares e Luís de Haro
	b	O duque de Lerma e o duque de Uceda
	c	O duque de Medinacelli e o Conde-duque de Olivares
	d	O duque de Osuna e o duque de Lerma
<b>92.</b>		<b>O artigo 61.2 da Lei 16/1985 de patrimonio histórico español establece que...</b>
	a	Os arquivos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante lei
	b	Todos os arquivos de titularidade estatal serán creados mediante real decreto
	c	Todos os arquivos de titularidade estatal serán creados mediante lei
	d	Os arquivos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante real decreto
<b>93.</b>		<b>As rendas extraordinarias na Coroa de Castela eran....</b>
	a	<i>Subsidios e Excusados</i>
	b	<i>Alcabalas e Rendas Xerais</i>

	c	<i>Cartiniaga e Renda de Poboación</i>
	d	Servizos e Millóns
<b>94.</b>		<b>Cando se preste un documento nun arquivo para una exposición antes da súa saída...</b>
	a	Deberá garantirse a súa conservación mediante unha fianza depositada no arquivo a nome do director do centro
	b	Realizarase una copia de seguridade
	c	O arquivo titular deberá aboar o custe do seguro do documento
	d	Os arquivos non deben prestar documentos que teñan máis de 100 anos de antigüidade
<b>95.</b>		<b>A reorganización administrativa nas Indias entre 1565 e 1575, fixa cinco distritos de goberno superior, que son...</b>
	a	Nova España, Perú, México, Guatemala e Nova Granada
	b	Nova España, Perú, Santo Domingo, Guatemala e México
	c	Nova España, Santa Fe, Santo Domingo, Guatemala e Nova Granada
	d	Nova España, Perú, Santo Domingo, Guatemala e Nova Granada
<b>96.</b>		<b>Para localizar documentos do Tribunal Central de Trballo haberá que acudir ao...</b>
	a	Arquivo Histórico Nacional,
	b	Arquivo Xeral da Administración
	c	Arquivo da Memoria Histórica
	d	Os documentos desta institución perdéronse
<b>97.</b>		<b>Son documentos secretos...</b>
	a	O Plan Xeral de Defensa Nacional
	b	Os que poidan afectar a seguridade do Estado e non estean tipificados como reservados
	c	Os que declaren o Ministro de Cultura ou o Conselleiro de Cultura para o seu ámbito territorial
	d	En España non existen documentos secretos, a máxima restrición de acceso establécea a Lei de protección de datos de carácter persoal
<b>98.</b>		<b>Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA)...</b>
	a	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1962 e 1988, ano este último en que se integrou no Bloque Nacionalista Galego
	b	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1972 e 1988, ano este último en que se integrou no Bloque Nacionalista Galego
	c	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1962 e 1988, ano este último en que se integrou na Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)
	d	Foi unha organización estudantil galega, nacionalista, de esquerda, activa entre 1972 e 1988, ano este último en que se integrou na Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG)
<b>99.</b>		<b>Na coroa de Castela na baixa Idade Media a partir do século XII aparecen as primeiras mencións dun <i>Meiriño Maior do Reino</i>. Pero, baixo o reinado de que monarca se ten constancia do primeiro <i>Meiriño Maior</i> de Galicia?</b>
	a	Sancho IV en 1295
	b	Fernando III en 1230
	c	Afonso X en 1253
	d	García I en 1213
<b>100.</b>		<b>A Lei 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia regula...</b>
	a	No título VIII o patrimonio documental e os arquivos
	b	No título VII o patrimonio bibliográfico
	c	No título VIII o patrimonio documental e bibliográfico
	d	No título VI o patrimonio bibliográfico
<b>101.</b>		<b>A <i>alcabala</i> é un imposto...</b>
	a	Indirecto que nace como imposto xeral no reinado de Afonso XI
	b	Directo que nace como imposto xeral no reinado de Afonso XI
	c	Indirecto que nace como imposto local no reinado de Pedro I
	d	Directo que nace como imposto local no reinado de Pedro I
<b>102.</b>		<b>O cadro de clasificación de fondos do Arquivo Xeral da Administración que se pode consultar na súa páxina Web...</b>

	a	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, aos seus instrumentos de descrición
	b	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, aos documentos escaneados
	c	Permite o acceso, premendo en cada un dos fondos, a descrición segundo a norma ISAD (G)
	d	É un ficheiro PDF e non permite ningún acceso directo a ningunha información premendo nos fondos.
<b>103.</b>		<b>Martín o Humano concedeu aos xuíces dos Consulados do Mar...</b>
	a	Facultades para coñecer non só dos conflitos marítimos, senón tamén dos preitos mercantís suscitados por calquera clase de persoas
	b	Facultades para coñecer só dos conflitos marítimos
	c	Autonomía para elixir un <i>cap</i> e determinar o seu sistema procesual
	d	Autonomía para dirimir sobre os conflitos marítimos e designar os membros da <i>Universitat dels prohoms de la ribera</i>
<b>104.</b>		<b>Respecto ás normas que regulaban a redacción de documentos destaca o acordo tomado por Henrique III nas Cortes de Segovia de 1383, o que dispoñía que...</b>
	a	Na datación dos documentos reais se deixasen de contar os anos pola <i>era cristiá</i> e se comezase a contalos pola <i>era hispánica</i> segundo o estilo da <i>natividade</i>
	b	Na datación dos documentos reais se deixasen de contar os anos pola <i>era hispánica</i> e se comezase a contalos pola <i>era cristiá</i> , segundo o estilo da <i>natividade</i>
	c	Na datación dos documentos reais se deixasen de contar os anos pola <i>era hispánica</i> e se comezase a contalos pola <i>era cristiá</i> , segundo o estilo da <i>encarnación</i>
	d	Na datación dos documentos reais se deixasen de contar os anos pola <i>era cristiá</i> e se comezase a contalos pola <i>era hispánica</i> segundo o estilo da <i>encarnación</i>
<b>105.</b>		<b>Os documentos textuais..</b>
	a	Son unha clase de documentos
	b	Son un tipo de documentos
	c	Son un formato de documentos
	d	Son un contido substantivo dos documentos
<b>106.</b>		<b>A letra bastarda española é un tipo de escritura humanística...</b>
	a	Que xorde contra a segunda metade do século XVI e durante este século despraza totalmente a escritura procesual nas oficinas públicas
	b	Que xorde contra a segunda metade do século XVII e durante este século despraza totalmente a escritura cortesá nas oficinas públicas
	c	Que xorde cerca da segunda metade do século XVII e convive durante este século coa escritura procesual
	d	Que xorde cerca da segunda metade do século XVI e convive durante este século coa escritura procesual
<b>107.</b>		<b>O uso do papel selado para escribir as escrituras notariais...</b>
	a	Estableceuse nas Partidas
	b	Estableceuse no Espéculo
	c	Estableceuse no <i>Foro Real</i>
	d	Estableceuse nunha disposición de Filipe IV de 1636
<b>108.</b>		<b>A Universidade de Salamanca...</b>
	a	É a primeira creada en España e foi fundada por Afonso VIII de León en 1212
	b	Fundase en 1555 baixo o reinado de Carlos I
	c	Créase ao amparo da Colexiata de Santa María en 1300
	d	Foi fundada por Afonso IX no século XIII
<b>109.</b>		<b>Os <i>síndicos</i> son representantes nas Cortes...</b>
	a	Das cidades nas Cortes de Galicia
	b	Das Órdenes Militares nas Cortes de Castela
	c	Das cidades nas Cortes en Aragón
	d	Dos cabaleiros nas Cortes en Aragón
<b>110.</b>		<b>A Norma galega de descrición arquivística...</b>
	a	Inclúe unha definición de fondo funcional
	b	Inclúe unha definición de fondo dende a perspectiva orgánica
	c	Inclúe unha definición subfondo
	d	Inclúe unha definición de primeira división de fondo

<b>111.</b>		<b>No art. 30. 4 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en relación coas copias, nos supostos de documentos...</b>
	a	Emitidos orixinalmente en soporte electrónico, non poderán eliminarse sen publicar previamente as listas de documentos susceptibles de selección
	b	Esta lei remite a regulación das copias ao regulamento posterior
	c	Emitidos orixinalmente en soporte papel e dos que se fixesen copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, non poderá procederse á destrución dos orixinais
	d	Emitidos orixinalmente en soporte papel dos que se fixesen copias electrónicas de acordo co disposto neste artigo, poderá procederse á destrución dos orixinais nos termos e coas condicións que por cada administración pública se estableza
<b>112.</b>		<b>A sala do Social do Tribunal Supremo creouse...</b>
	a	Na Lei orgánica do poder xudicial de 1870
	b	En 1931 no decreto de 6 de maio
	c	En 1938 no <i>Fuero del Trabajo</i>
	d	En 1908 coa creación dos tribunais industriais
<b>113.</b>		<b>Para a recadación dos servizos votados en Cortes durante a Idade Media...</b>
	a	Utilizouse o sistema de <i>recudimentos</i>
	b	Utilizouse o sistema de <i>encabezamentos</i>
	c	Utilizouse o sistema de <i>derrama</i>
	d	Utilizouse o sistema de <i>estrados</i>
<b>114.</b>		<b>O Arquivo do Banco de España...</b>
	a	Conserva documentos do Banco de San Carlos
	b	Conserva documentos só do Banco de España
	c	Conserva documentos do Banco de España e do Banco de San Fernando pero non do Banco de San Carlos
	d	Conserva documentos do Banco de España e do Banco de San Carlos pero non do Banco de San Fernando
<b>115.</b>		<b>Aínda que a Inquisición española foi creada para combater os perigos da herexía non se limitou só a esta actividade...</b>
	a	Ocupouse de casos de bigamia e de usura
	b	Ocupouse de casos de bigamia pero non de usura xa que era difícil xustificar a súa relación coa herexía
	c	Ocupouse dos casos de homosexualidade, pero non do de bigamia xa que era difícil xustificar a súa relación coa herexía
	d	Ocupouse de casos de homosexualidade, pero non de usura xa que era difícil xustificar a súa relación coa herexía
<b>116.</b>		<b>Tradicionalmente as Audiencias indianas foron clasificadas...</b>
	a	Pretoriais e de gobernacións
	b	Virreinais e de gobernacións
	c	De gobernacións e provinciais
	d	Virreinais e pretoriais
<b>117.</b>		<b>Que arquivo conserva a máis importante colección de diplomas medievais, entre os que se atopa un gran número de documentos reais?</b>
	a	O Arquivo Xeral de Simancas
	b	O Arquivo Histórico Nacional
	c	O Arquivo Xeral da Administración
	d	O Arquivo da Presidencia do Goberno
<b>118.</b>		<b>A liberdade de culto...</b>
	a	Non se recolle nun texto constitucional ata 1931
	b	Establecese por primeira vez no proxecto de Constitución de 1873
	c	É un dos dereitos recollidos pola Constitución de 1869
	d	Recóllese no Estatuto de Baiona
<b>119.</b>		<b>EAD é.....</b>
	a	Un estándar para estrutura de datos
	b	Un estándar para contido de datos
	c	Un estándar para estrutura e contido de datos, xa que determina que información debe ir nas descrições

	d	Un formato de datos que permite crear, almacenar, buscar e intercambiar información nun formato electrónico estándar
<b>120.</b>		<b>No século XIX, con Xosé I, o territorio de Galicia divídese en 4 Prefecturas...</b>
	a	Tambre, con capital na Coruña, Miño Alto, con capital en Lugo, Sil, con capital en Ourense e Miño Baixo con capital en Vigo
	b	Ulla, con capital na Coruña, Miño Alto, con capital en Lugo, Sil, con capital en Ourense e Miño Baixo con capital en Pontevedra
	c	Ulla, con capital na Coruña, Miño, con capital en Lugo, Sil, con capital en Ourense e Miño con capital en Vigo
	d	Tambre, con capital na Coruña, Miño Alto, con capital en Lugo, Sil, con capital en Ourense e Miño con capital en Pontevedra

Reserva

<b>121.</b>		<b>Sinala a opción de resposta falsa...</b>
	a	Os conselleiros son nomeados e cesados polo Presidente
	b	A Xunta cesa coa convocatoria de eleccións ao Parlamento Galego
	c	O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego, entre os seus membros, e nomeado por El-Rei
	d	A Xunta de Galicia pode interpoñer recursos de inconstitucionalidade
<b>122.</b>		<b>Que pragmática dos Reis Católicos fixo obligatoria a licencia para a impresión de libros?</b>
	a	A de 8 de xullo de 1502
	b	A de 22 de decembro de 1506
	c	A de 29 de maio de 1501
	d	A de 28 de outubro de 1503
<b>123.</b>		<b>No Estatuto municipal de 1924...</b>
	a	Os concellos non están subordinados ás deputacións pero manteñen a súa dependencia xerárquica dos gobernos civís
	b	Os concellos quedan desvinculados dos gobernos civís pero manteñen a súa dependencia xerárquica das deputacións
	c	Mantense a subordinación xerárquica dos concellos respecto ao Goberno Civil e á Deputación Provincial
	d	A autonomía municipalponse de manifesto en que desaparece a dependencia do municipio respecto do Gobernador Civil e da Deputación Provincial, autorizando os recursos contra os actos dos concellos ante os tribunais de xustiza